

UNHA ALDEA PREHISTÓRICA FORTIFICADA

CASTRO DE TROÑA



Capela do século XVIII

Torreón que defendía a aldea polo Leste, onde se cavou un foxo defensivo monumental na rocha de 18 m de altura

Traza probable da primeira muralla do recinto

Muro de contención moderno

Este barral levantouse para dar durmida aos romeiros que acudían ao Doce Nome de Xesús na véspera da romaría. Antes da súa construción as mulleres e homes durmían na capela

TRÍSCELES EN PEDRA

Os trísceles gravados en granito son un motivo decorativo frecuente nos castros galaicos do antigo convento bracarense (Castromao, Santa Tegra, Sanfíns...). Trátase, quizais, dunha representación solar executada por artesáns especializados con coñecementos matemáticos e de cantaría.


As persoas investigadoras cren que os trísceles, espirais e esvásticas floreceron nos castros entre o século I a.C e o I d.C, pero non sabemos se entre os galaicos tiveron unha funcionalidade estética (vinculada coa xeometría) ou simbólica (como elemento estético que identificaba á comunidade). É posible que os trísceles funcionaran como representacións profilácticas, de forma que na mente dos habitantes dos castros os axudaban a estar mellor protexidos do infortunio e a enfermidade.

Durante a Idade do Ferro (século VIII a.C-Ano 0) os asentamentos humanos do noroeste peninsular concéntranse en lugares elevados como Troña, que se fortifican con parapetos, murallas e estacas de madeira para complementar as condicións naturais de defensa.

Este fenómeno ten un paralelo en territorios como Escocia, onde os castros ou hillforts concentran á meirande parte da poboación dos *caledones*, un pobo de agricultores e guerreiros que, ao igual que os galaicos, tiveron conflitos entre si e cos romanos, se ben estes, a diferenza do que aconteceu coa Gallaecia, foron incapaces de sometelos.

Troña sitúase no corazón do val do río Tea, afluente pola dereita do Miño,

Florentino López Cuevillas posando sobre o tríscele no lugar no que foi atopado



Museo Arqueolóxico de Ourense

Tríscele de raios que xiran de dereita a esquerda enmarcados por unha moldura lisa

Tamaño real
Diámetro do tríscele
26 cm

Tenaces de metalúrxico

Foron documentadas na campaña do ano 1930. En referencia a elas Pericot e Cuevillas, arqueólogos responsables da escavación, escribiron: "Es muy frecuente encontrar dentro o fuera de las casetas gran cantidad de ganga de fundición, lo cual, unido al hallazgo de unas tenazas de forjador, confirma la actividad metalúrgica de los gallegos prerromanos"



unha zona de penetración de produtos de orixe mediterránea cara o interior. Ocupado de forma ininterrompida entre o século VI antes de Cristo e o século I da nosa Era, o castro especializouse na explotación de recursos primarios (agro, gando e pesca), pero tamén na minaría do ferro, material no que os ferreiros funden por vez primeira a meirande parte das ferramentas e das armas dos galaicos. A explotación do ouro e do estaño que, neste territorio, tiña lugar nas ribeiras dos ríos, completaba a economía deste pobo prerromano.

Neste castro, situado a 13 km lineais da Ría de Vigo, documentáronse fragmentos de ánforas prerromanas, contas de pasta vítrea e cerámica pintada que podería ser ibérica, o que evidencia que os galaicos que habitaban o val do Tea tiveron contactos comerciais con outros castros da rexión, pero tamén cos pobos peninsulares e mediterráneos vía marítima. No veciño castro de Fozara –que se localiza a 2 km ao noroeste de Troña– descubríronse materiais arqueolóxicos que evidencian que as aldeas prehistóricas deste val tiñan un sistema de relacións comerciais semellante.

